

Nota de prensa

Os ecoloxistas presentan unha queixa ó Valedor do Pobo pola indiferenza da Administración ante as repetidas denuncias polas actividades das motos acuáticas.

A ría de Betanzosponse ó roxo vivo

As motos acuáticas invaden de novo o espazo natural protexido, facendo carreiras polo xuncal en plena época de cría das aves, con total impunidade. Despois de ter que defender o carrizal de San Xiao para evita-la construción dunha pista e da corta ilegal de hábitat prioritario en Chelo, os veciños, asociacións e entidades conservacionistas non atopan descanso na defensa do espazo natural. A súa protesta vai acompañada dun extenso informe, fotografías e gravacións en vídeo.

Betanzos, 7-5-2010

A actividade das embarcacións a motor na ría de Betanzos (motos acuáticas, iates e ski acuático) está causando un grave impacto ecolóxico no espazo natural protexido LIC Betanzos-Mandeo, integrado na Rede Natura. Dende primeiros do ano 2008, as entidades ecoloxistas, veciños e asociacións veñen denunciando reiteradamente estas actividades ilegais por vía telefónica, por correo electrónico e mediante sucesivos escritos presentados en rexistro.

Grave impacto ecolóxico

Na primavera deste ano, os pilotos das motos acuáticas seguen a comportarse como vándalos no espazo protexido. Habitualmente, nas fins de semana con bo tempo e marea chea, saen do porto de Sada e se achegan ós xuncais de Mariñán para facer carreiras polas súas canles, nas que atopan varios circuitos con numerosas curvas. Toda esta zona é unha importante área de cría de distintas especies, estando presentes desde a lontra até o rascón de auga, aparte de numerosos alavancos reais e outras aves.

A gran ondaxe que producen as motos acuáticas navegando a toda velocidade nas canles, interrompe a cría, produce abandono de niños e incluso a morte de exemplares que pola súa corta idade non poden fuxir. Tamén impiden o descanso e alimentación das aves migratorias, que buscan na zona un lugar onde repoñer forzas nas súas longas viaxes.

Filmados *in fraganti*

O pasado día 17 de abril, un veciño de Souto logrou gravar en vídeo —por segunda vez— as carreiras das motos acuáticas polo xuncal, sendo presentada como proba. A Directiva Hábitats e a Directiva Aves da Unión Europea prohiben este tipo de actuacións nos espazos da Rede Natura, do mesmo xeito que a Lei Galega de Conservación da Natureza. Adicionalmente do delito ecolóxico, están a cometer unha infracción contra a normativa da navegación, xa que o Real Decreto 259/2002 prohibe a navegación das motos acuáticas a menos de 200 metros da costa, permitíndoa soamente para chegar en liña recta ó lugar de varado e sempre a unha velocidade inferior a 3 nudos.

Pero a estas transgresións se suma o delito de imprudencia temeraria con risco de homicidio. Tal como ten declarado o Club Náutico Ría de Betanzos, que aglutina ós piragüistas da vila, os comportamentos das motos acuáticas teñen provocando vuelcos de palistas e enfrontamentos verbais. As entidades conservacionistas presentaron documentación gráfica de como as motos acuáticas e os iates pasan a toda velocidade preto das piragüas e pescadores, incluso facendo manobras bruscas, provocando situacións de grave risco para a vida dos deportistas. A temeridade dalgún vándalo chega incluso ó

extremo de pilota-la moto sentado no manillar, probablemente como consecuencia da alcoholemia (moitos deles van tomalo vaso ós bares do barrio da Ribeira). Soamente o tempo dirá se esta situación evoluciona a agresións físicas e a accidentes mortais.

Os antecedentes

En agosto do ano pasado as mesmas entidades conservacionistas protestaron pola organización por parte da Federación Galega de Motonáutica dun evento deportivo na ría correspondente a dúas probas do campionato galego de motos acuáticas, co apoio dos concellos de Paderne e Bergondo. Naquel evento, se cometeu un continuado delito ecolóxico ó navegar a toda velocidade polo espazo natural durante os adestramentos, cando o permiso soamente lles autorizada a navegar a 3 nudos de velocidade directamente dende a zona de *boxes* até a liña de saída das probas, situada fóra do espazo natural. Todo isto foi posible pola pasividade da patrulla da Garda Civil adscrita ó GEAS presente na zona, e pola ausencia de gardería de medio ambiente, a pesares de que o Servizo Provincial de Conservación da Natureza tiña coñecemento dos riscos do evento.

Denuncia ante o Valedor do Pobo e o Fiscal Especial para o Medio Ambiente

Como as repetidas denuncias ante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, como responsable do espazo natural e da gardería de medio ambiente, e ante o Delegado do Goberno en Galicia, como autoridade responsable do Seprona e da Garda Civil do Mar, non teñen logrado ningún efecto, as entidades conservacionistas presentaron esta mañá no rexistro unha queixa ó Valedor do Pobo. No detallado informe de 85 páxinas e 20 anexos con documentación, lémbrese que se pode estar a incorrer nun delito de omisión por parte dos funcionarios responsables de perseguir estes delitos.

Asemade, presentaron copias da súa queixa e da documentación gráfica ó Fiscal Especial para o Medio Ambiente, tendo en conta que existen probas suficientes para iniciar procesos legais contra ós autores das infraccións e delitos cometidos no espazo natural de xeito continuado.

O abandono do espazo natural

As entidades conservacionistas denuncian que estas actividades se encadran dentro do abandono e deixazón do espazo natural por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Recentemente teñen realizado unha campaña de oposición á creación dunha pista polo carrizal de San Xiao, no que habitan especies protexidas e que ten grande importancia ecolóxica. O mes pasado teñen constatado a corta de hábitat prioritario no lugar de Chelo, dentro do espazo protexido e en plena época de cría das aves. Esta corta estaba a ser realizada por parte de dúas persoas non cualificadas adscritas a ese servizo. Cortouse tanto o sotobosque coma freixos, abeleiras, loureiros e outras árbores. Cando as testemuñas tentaron documentar fotograficamente a desfeita, os dous funcionarios reaccionaron agresivamente e impediron a toma de fotos, non sendo a primeira vez que se comportan deste xeito con veciños.

Dous meses esperando unha reunión

As entidades conservacionistas teñen solicitado unha reunión coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza para trata-lo tema do carrizal de San Xiao, pero a tardanza en dar unha data, significa que se lles van a acumula-los temas. Reclamarán unha actuación decidida en contra das actividades a motor ilegais no espazo natural e a fin das autorizacións para competicións a motor, así como unha maior atención ás necesidades de recuperación dos hábitats, das especies e da paisaxe.

Tamén pedirán unha chamada de atención tanto ós vixilantes do servizo provincial, por extralimitarse repetidamente nas súas funcións máis alá do que lles permite a lexislación vixente, coma ao xefe do servizo provincial, pola súa actitude contraria á conservación do espazo natural, ordenando a corta de hábitat prioritario, dando permisos a competicións a motor no espazo protexido, e deixando de lado a loita contra o furtivismo e a persecución dos delitos ecolóxicos.

Visionado do vídeo

No enderezo electrónico <http://www.youtube.com/watch?v=J9yg9F6cHnw> pode verse o vídeo coas dúas gravacións das carreiras de motos acuáticas no interior do xuncal.

Entidades que emiten o comunicado:

A Asociación Cultural O Rabo do Galo é unha entidade radicada en Paderne; conta cunha sección medioambiental que ten realizado varias actuacións relacionadas coa cunca do Mandeo e a ría de Betanzos, así como elaborado diversos proxectos cara á súa potenciación. Está inscrita con data 15 de decembro de 1997 no Registro Nacional de Asociaciones, Grupo 1, Sección 1, nº 163082. É socio do grupo de desenvolvemento rural GDR-29 Mariñas-Betanzos e do grupo de acción costeira GAC Golfo Ártabro.

A Sociedade Galega de Historia Natural é unha asociación dedicada ó estudo e defensa da natureza galega, con numerosas achegas científicas. É a única asociación conservacionista activa con delegación en As Mariñas, estando centrada na protección e divulgación dos valores naturais de toda a bisbarra. Foi fundada en 1973 e inscrita no Registro Nacional de Asociaciones co nº 584.918, figurando no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2009/110, sendo membro do Consello Galego de Medio Ambiente. É socio do grupo de desenvolvemento rural GDR-29 Mariñas-Betanzos e do grupo de acción costeira GAC Golfo Ártabro.

O Grupo Naturalista Hábitat é unha asociación conservacionista radicada en A Coruña, cunha longa experiencia ornitolóxica en xeral, na que se conta a elaboración de estudos de ecosistemas e censos de aves mariñas e acuáticas na provincia da Coruña, así como no Mandeo e a ría de Betanzos en particular. Foi inscrito o 26 de xaneiro de 1980 no Registro Nacional de Asociaciones, Grupo 1, Sección 1, nº 127582 e figura no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2008/32. É socio do grupo de desenvolvemento rural GDR-29 Mariñas-Betanzos e do grupo de acción costeira GAC Golfo Ártabro.

O Grupo de Anelamento Hércules é unha entidade dedicada ó anelamento científico de aves, tendo os seus compoñentes 20 anos de experiencia nesta actividade certificada oficialmente. Fundouse en 2003 e actúa baixo a coordinación da Oficina de Especies Migradoras do Ministerio de Medio Ambiente. Dende esa data veñen anelando na ribeira de Souto (Paderne) co obxecto de coñecer os desprazamentos migratorios das aves que visitan a ría, sumando máis de 15.000 aves aneladas en distintos puntos de Galicia.